



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

22 de decembro de 2025

Duración:

Desde las 12:15 hasta las 14:45

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	NON
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
34279261S	Noelia Pardeiro Fomprediña	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. José Yebra Amorín:
«motivos pessoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Comeza a sesión coa ausencia de Tania Díaz Seijas.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 10 (7 do PP e 3 do BNG) , En contra: 1 (PSOE) , Abstencións: 0

Resolución:

Solicita o uso da palabra a concelleira socialista Carmen Acacio para pedir que se corrixa a acta da sesión anterior no referente a súa intervención no tema do suplemento de crédito pois ela non manifestou que o informe da Interventora carecía de rigor.

O Sr. Alcalde prpón a votación da acta con esa corrección.

Resulta aprobada por 10 votos a favor (7 do PP e 3 do BNG) e 1 en contra da concelleira socialista Carmen Acacio.

MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DA LINGUA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Antes de entrar no fondo do asunto e resultando que o día martes 16 de decembro de 2025 convocouse este Pleno ordinario sen ter naquel momento ditaminado este asunto, a pesar de que neste preciso instante xa está ditaminado tras a celebración da Comisión Informativa de Asuntos do pleno de 19 de decembro de 2025, o Sr. Alcalde solicita aos membros da corporación que ratifiquen o non a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

o resultado da votación é de 7 votos a favor do PPe 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSOE).





Concello de Outeiro de Rei

Así, ratificada a inclusión na Orde do día se entra no asunto.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito pide a palabra por dúas veces e o Sr. Alcalde dille que non ten a palabra. Abre o Sr. alcalde inmediatamente o turno de intervencións e preguntalle ao grupo municipal do BNG quen defenderá a moción da lingua.

O Sr. Miguel Vieito contesta que el defenderá a moción e precede a súa lectura:

(Resolución:

Plantéxase ao Pleno da Corporación a seguinte moción xa ditaminada pola Comisión de Asuntos do Pleno en sesión de 19 de decembro de 2025 por 1 voto a favor do BNG e 5 abstencións do PP, que se copia:)

”MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DA LINGUA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 5.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galiza explicita que a lingua propia do país é o galego.

Pola súa banda, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, aprobada por unanimidade do Parlamento Galego após proposta do Partido Popular, recoñece á lingua galega como a lingua propia do país (art. 1), tamén das súas Institucións (art. 4).

Con respecto a estas, entre as que se atopan as Entidades Locais, o art. 6.3 recolle a obriga na promoción da lingua galega entre a cidadanía, no uso oral e no escrito.

Malia estas taxantes e claras obrigas legais, se analizásemos hoxe a situación da lingua no conxunto do país veríamos:

- Unha “caída en picado” no ensino público, como se mostra na Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO, publicado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega
- Unha mingua de máis do 17% no uso do galego en entornas laborais, na investigación do Doutor Miguel Guisantes¹
- Unhas moi recentes estatísticas do Instituto Galego de Estatística que nos colocan diante da seguinte realidade:
 - O galego é, por primeira vez na nosa historia, a lingua menos empregada a diario pola cidadanía
 - Na franxa de 5 a 14 anos, practicamente un terzo da poboación di non saber falar nada de galego ou “moi pouco”; con case un 14% que nin sequera o di entender





Concello de Outeiro de Rei

- Nas persoas menores de 17 anos, menos dun 5% fala coas compañeiras e compañeiros en galego. Case un 50% faino exclusivamente en castelán
- Crece practicamente ao dobre a porcentaxe de persoas que non fala nada ou “moi pouco” galego nos Municipios de menos de 10.000 habitantes; e crece tamén a porcentaxe de persoas que fala só castelán sempre
- A finais do mes de novembro de 2024, a Real Academia Galega chamaba a unha intervención “urxente” en materia de protección da lingua galega; superando o actual modelo de política lingüística e derogando necesariamente o coñecido como Decreto do Plurilingüismo.
- No mes de decembro de 2024, no día 11, publícase o estudo “O Galego nas TIC. Edición 2023”, do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galiza, adscrito á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA) da Xunta de Galiza. Entre as súas conclusións defínese a situación do galego nas tecnoloxías como “anecdótica ou residual”.
- No mes de xaneiro de 2025 o Consello da Cultura Galega facía público o informe “Competencias e uso das linguas cooficiais en España. O galego en perspectiva comparada”, do que podemos tirar os seguintes datos, entre outros:
 - Galiza é a única Comunidade Autónoma das estudadas (Galiza, Catalunya, Euskadi, Navarra, Comunidade Valencía e Illes Balears) en que as persoas novas presentan niveis de competencias máis baixos, cunha singular tendencia á baixa.
 - Detéctase un alarmante patrón de perda interxeracional na capacidade de entender, falar, ler ou escribir en galego.
 - A competencia en galego de quen pasa polo ensino formal é paradoxicamente menor: mentres noutras Comunidades pasar polo ensino implica dominar mellor a lingua de seu, na Galiza isto non sucede.
 - Chámase a intervir “de urxencia” con medidas no ámbito escolar e interxeracional
- No mes de marzo de 2025 publícase o Barómetro de Hábitos de Lectura e Compra de libros 2024: lectura en galego no 3,8% da poboación. Merca no 6,1%.
- O pasado mes de outubro, o Consello da Cultura Galega presentaba as propostas e conclusións do seu foro participativo “Un país coa súa lingua”. Un foro no que participaron máis de 65 persoas profesionais de diferentes eidos e máis de 2.000 persoas nos debates e





Concello de Outeiro de Rei

plenarios. Entre as que atopamos:

- Quen desexa vivir en castelán, pode practicar a súa lingua sen restricións. Quen quere facelo en galego atopa ausencia ou baixa calidade de opcións, falta de atención e baleiro nos contidos
- “Mantéñense inercias do castelán por defecto en trámites e interaccións en servizos públicos”
- No eido educativo atópase alumnado de ESO sen dominio operativo da lingua galega, déficit en recursos e un “moi mellorábel” apoio institucional aos equipos de dinamización lingüística.
- Nos servizos públicos obsérvase un patrón diglósico , con ausencia de rotulación en galego ou de software en lingua galega

A cita e relación de datos podería ser, por desgraza, maior. Infinita.

A situación da lingua galega non pode senón definirse como emerxencia lingüística, con pasos que ben puideran parecer coma os primeiros de cara á extinción do idioma (próximos ao punto de non retorno).

É por estes datos, e moitos outros similares que debemos sumar o esforzo de todas e todos para procurarmos revertir estas tendencias. Todas as Administracións, incluídas as Locais, que teñan marxe de actuación, deben desprezar o máximo de capacidade posíbel para potenciar, respectar, e destacar o uso da lingua galega.

Consideramos que este Concello ten marxe de mellora no que a este particular corresponde. É por isto que vimos a instar a aprobación de catro medidas específicas neste eido:

1.- Adhesión do Concello á Asociación de Entidades Locais pola lingua galega (Alingua).

Esta entidade, da que forman parte Concellos coma A Baña, Narón, Rois, Betanzos, Ferrol, O Grove, Ribadeo, Vilagarcía de Arousa..., achega ás Entidades Locais programas específicos de difusión e fomento da lingua en entornas coma as Redes Sociais (coa iniciativa “Youtubeiras”), na crianza dos primeiros anos de vida (co Programa “Apego”), ou na mocidade en etapa formativa (co Clube de Debate)2.

Amáis disto proporciona unha oportunidade de traballo conxunto, partilla de ideas e recursos, e información sobre axudas públicas; entre outros.

2.- Realización de actos no noso Concello de “Restauración da Memoria Lingüística de Galiza”, unha iniciativa da Xunta da Galiza que busca fomentar os actos pedagóxicos, formativos e de promoción do galego tamén na homenaxe aos defuntos. A iniciativa é presentada pola Xunta de Galiza, con apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.





Concello de Outeiro de Rei

Ver: <https://alingua.gal/proxectos>

3.- Adhesión á iniciativa da Real Academia Galega “Modo galego, actíva!”.

Esta proposta, iniciada en colaboración co Concello de Ames³ e que é replicábel noutros Concellos despois de ter sido pilotada con éxito e ter superado a súa terceira edición, supón unha serie de accións de dinamización que implica a alumnado, familias e profesorado de Educación Infantil e Primaria; e conta tamén cunha fase piloto no ensino secundario.

Entre outras medidas, supón o achegamento á escola de persoas referentes do eido musical e cultural (Xabier Díaz, Fátima Pego, As Tanxugueiras, actrices galegas como Antía Castro ou Bea Campos, figuras coma o Apalpador...), que achegan á rapazada figuras de referencia nun uso lúdico e festivo da nosa lingua.

4.- Por último, queremos chamar a atención sobre as subvencións a entidades locais da Galiza para a promoción do uso da lingua galega (reguladas pola Orde do 14 de febreiro de 2025), da que este Concello foi e é beneficiario.

A Orde de regulación estipula que estas axudas deben destinarse a: crear un servizo lingüístico, manter ou reforzar un servizo lingüístico ou desenvolver dinamización lingüística no Concello, con carácter xeral. Sendo, ademais que a creación dun servizo específico, e a vinculación do Concello con Redes de normalización outorgan maior puntuación no outorgamento deste tipo de axudas públicas.

É por tanto que consideramos un espazo de mellora para o noso Concello o se dotar dun servizo lingüístico específico e estábel que permita incrementar os esforzos municipais na promoción da lingua e, ao tempo, captar máis fondos públicos para tal finalidade.

Escribía hai uns meses o actual Presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo: “toca a cadaquén reflexionar sobre as súas responsabilidades nesta deriva cara á extinción da lingua do país”. Pregamos ao Concello de Outeiro de Rei realice aquelas iniciativas que poidan apoiar o fomento da nosa lingua, como obriga xurídica, pero tamén como responsabilidade moral coas xeracións do porvir.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar ao equipo de Goberno a que o Concello de Outeiro de Rei se sume, como entidade





Concello de Outeiro de Rei

socia, á Asociación de Entidades Locais pola lingua galega (Alingua).

- Instar ao equipo de Goberno a que o Concello de Outeiro de Rei se sume á iniciativa de “Restauración da memoria lingüística de Galiza”, impulsada dende a Xunta de Galiza, en colaboración coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

- Instar ao equipo de Goberno a que o Concello de Outeiro de Rei se sume á iniciativa “Modo galego, Actíva!” da Real Academia Galega.

- Instar ao equipo de Goberno á creación dun posto estábel de técnico de normalización lingüística no Concello de Outeiro de Rei”.

Rematada a lectura da moción intervén a concelleira socialista Carmen Acacioe manifesta que a apoian. Fala de emerxencia lingüística e da necesidades de tomar medidas para defender a nosa lingua e anima a toda a corporación a apoiala.

*Entra a concelleira Tania Seijas nesa intre na sesión *

Intervén a Sr. alcalde e di que estes debates non enriquecen porque non se pode impoñer a ninguén a falar unha lingua. Que Galiza é aberta e por iso pode falarse indistintamente castelán e galego.

O Sr. Alcalde di que a goberno de Outeiro de Rei non lle interesan as propostas da moción.

Intervén en segundo turno o concelleiro Miguel Vieito e di que as prpostas da moción reflicten os intereses non so do BNG senón tamén de todas aquelas persoas as que representan. Di o concelleiro que se trata de iniciativas que supoñen incentivos para a rapazada.

A conceleira socialista lamenta que o Sr. alcalde non se posicione en favor do galego e considera moi triste esa postura.

O Sr. Alcalde di que os culpables desta situación son eles (o BNG) e que interpretan as cousas como queren. Dille ao PSOE que agora mesmo apoian ideoloxías mais propias de partidos extremistas.

O Sr. alcalde di que o seu partido defende tamén a cultura galega pero de forma diferente a como a defende o BNG.

Sométese a votación o fondo da moción resultando rexeitada por 8 votos en contra do PP e 4 a favor (3 do BNG e 1 do PSOE).

Expediente 1371/2025. Disposicións Normativas Aprobación bonificacións potestativas en IBI, IAE e ICIO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Outeiro de Rei

Antes de entrar no fondo do asunto e resultando que o día martes 16 de decembro de 2025 convocouse este Pleno ordinario sen ter naquel momento ditaminado este asunto, a pesar de que neste preciso instante xa está ditaminado tras a celebración da Comisión Informativa de Asuntos do pleno de 19 de decembro de 2025, o Sr. Alcalde solicita aos membros da corporación que ratifiquen o non a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

O Sr. Miguel Vieito intervén e discute a legalidade do Pleno por terse convocado con puntos dentro da Orde do Día sen estar nese momento xa ditaminados.

O Sr. alcalde pide a Secretaría que aclare este asunto.

Intervén a secretaria municipal e dille ao Sr. Vieito é absurdo dudar da legalidade do Pleno pois este foi convocado o día 16 de decembro de 2025 de forma perfectamente legal coa antelación suficiente de dous días hábiles a súa celebración hoxe 22 de decembro de 2025. Que outra cousa sería analizar os puntos da Orde do Día por mor de que o día da convocatoria do Pleno incluíronse nela asuntos que nese preciso momento non estaban aínda ditaminados.

Que con respecto á Conta Xeral nada hai que obxectar pois ese asunto sí estaba ditaminado previamente en sesión de Comisión Especial de Contas.

Con respecto aos puntos da moción da lingua e da modificación das ordenanzas fiscais considera a Secretaria que xa prevé a normativa no artigo 82.3 do ROF a posibilidade de incluír na Orde do día do Pleno asuntos non ditaminados. Aínda así, o venres 19 de decembro tivo lugar a Comisión de Asuntos do Pleno polo que a día de hoxe, neste Pleno, estanse debatindo xa ditaminados. Pero aínda con eso, e conforme o 82.3 do ROF, estase ratificando previsamente a inclusión do punto.

A maiores, a urxencia de ter que adiantar o Pleno ao día 22 de decembro de 2025 foi explicada polo Sr. Alcalde a través de correo electrónico remitido dende a conta da Secretaría aos grupos políticos xustificando que si ben tocaba celebrar pleno o 25, ó ser día de Nadal debería adiantarse ó 24, que igualmente é inhabil na administración, polo que se celebraría o 23, pero que prefería celebrarse o 22 para que dera mais marxe para poder remitir a Conta Xeral correctamente ao Consello de Contas, logo da súa aprobación, tendo en conta a cantidade de festivos destas datas.

Non houbo contestación ao correo por parte de ningún grupo.

Considérase por Secretaría perfectamente válido ratificar a inclusión dos dous asuntos previo a entrar no fondo deles.

O Sr. alcalde somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na Orde do Día,





Concello de Outeiro de Rei

resultando aprobada por 8 votos a favor do PP , 1 abstención do PSOE e 3 en contra do BNG.

Resolución:

”PROPOSTA DE NOVA APROBACIÓN DE BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS NOS IMPOSTOS DE BENS INMOBLES E DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2017, acordou a aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbán, Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, Imposto de Actividades Económicas, e Taxa por expedición de licenza urbanísticas de actividade, primeira utilización e realización de actividades administrativas de control.

No BOP de 24 de abril de 2018 publicouse a aprobación definitiva de tal modificación. Dita modificación incorporaba as seguintes bonificacións:

***“PRIMEIRO.** Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles,**coa redacción que se recolle a continuación:*

Artigo 3: Bonificacións potestativas.

(..)

2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.





Concello de Outeiro de Rei

3º.-Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

SEGUNDO. Aprobar o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto para as construción, nstalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

En relación coa bonificación citada, establécense os seguintes tramos:

-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Engadir unha **Disposición Adicional Terceira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis**, coa redacción seguinte:

Disposición Adicional terceira: Imposto de Actividades Económicas.

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:





Concello de Outeiro de Rei

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.

A bonificación aplicarásese á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire a Disposición Adicional Segunda.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarásese, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

CUARTO. Engadir unha Disposición Transitoria á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Transitoria

As bonificacións potestativas previstas no artigo 3.2 e na Disposición Adicional Terceira terán unha vixencia de tres exercizos naturais. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación”.

De conformidade co disposto no apartado cuarto, a vixencia de ditas bonificacións decaeu o pasado 24 de abril de 2021.

Non obstante en sesión plenaria de 25 de xuño de 2021 (BOP 178, de 5 de agosto de 2021) acordouse prorrogar ditas bonificacións por 3 anos mais con efectos de 24 de abril de 2021.

Pois ben, tendo en conta que as bonificacións recollidas no art. 3.2 e na Disposición Adicional Terceira da Ordenanza Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles contempladas así como o disposto no artigo 3.bis da Ordenanza reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras decaeron na súa vixencia en data 24 de abril de 2024 e xa non serían de aplicación, propónse ao Pleno da Corporación aprobalas novamente. Ditas bonificacións entrarán en vigor dende a publicación da aprobación definitiva de dito acordo no Boletín Oficial da Provincia e terán efectos para os obrigados tributarios durante un período máximo de catro exercicios naturais a contar dende o seguinte ao de solicitude.

Polo tanto, en base aos motivos anteriormente expostos, PROPOÑO ao Pleno, adoptar o seguinte acordo:





Concello de Outeiro de Rei

1. Aprobar inicialmente por un prazo máximo de catro exercicios naturais e con efectos dendea publicación da aprobación definitiva no BOP, as bonificacións potestativas do Imposto de Bens Inmóbles e máis do Imposto de Actividades Económicas contempladas no art 3.2 e na Disposición Adicional Terceira así como a disposta no artigo 3.bis do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, que se copian:

“PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles,coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3: Bonificacións potestativas.

(..)

2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- *Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*
- *Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- *Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos catro exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3º.-Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

SEGUNDO. Aprobar o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto para as





Concello de Outeiro de Rei

construcción, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

En relación coa bonificación citada, establécense os seguintes tramos:

-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación terá unha vixencia de catro exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Engadir unha Disposición Adicional Terceira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Adicional terceira: Imposto de Actividades Económicas.

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*
- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*
- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.*

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire a Disposición Adicional Segunda.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha





Concello de Outeiro de Rei

ampliación das instalacións e se apricará aos catro exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

CUARTO. Engadir unha Disposición Transitoria á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Transitoria

As bonificacións potestativas previstas no artigo 3.2 e na Disposición Adicional Terceira terán unha vixencia de catro exercizos naturais. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación”.

2º.- Publicar este acordo no BOP de Lugo por un período de 30 días hábiles para que os interesados podan presentar todas as alegacións que estimen convenientes.

3º.- De haber alegacións, aprobaranse ou non en sesión plenaria coa aprobación definitiva deste acordo.

De non haberlas, entenderase aprobado definitivamente o acordo ata entón provisional.

4º.- A entrada en vigor producirase no intre da publicación deste acordo no BOP.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica.

O alcalde”

Non hai intervencións.

Os membros do pleno da Corporación do Concello de Outeiro de Rei aproban, por unanimidade, a proposta anterior.

Expediente 1371/2025. Disposicións Normativas Aprobación suposto de non suxeición na Ordenanza Fiscal reguladora de TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE APERTURA, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Antes de entrar no fondo do asunto e resultando que o día martes 16 de decembro de 2025 convocouse este Pleno ordinario sen ter naquel momento ditaminado este asunto, a pesar de que neste preciso instante xa está ditaminado tras a celebración da Comisión Informativa de Asuntos do pleno de 19 de decembro de 2025, o Sr. Alcalde solicita aos membros da





Concello de Outeiro de Rei

corporación que ratifiquen o non a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

Sométese a votación a ratificación resultando aprobada por 9 votos a favor (8 do PPe 1 do PSOE) e 3 en contra (do BNG).

Ratificada a inclusión, se trata o asunto.

”Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación municipal aproban, por unanimidade, a seguinte proposta:

”PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SUPOSTO DE NON SUXEIÇÃO NA ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE APERTURA, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL

Exposición de motivos:

O Concello de Outeiro de Rei, conta na actualidade cunha ordeanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas de actividade, de apertura, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, aprobada inicialmente polo Concello-Pleno en data de 26 de decembro de 2014. A aprobación definitiva de dita ordeanza publicouse no Boletín Oficial da Provincia n.º 56 de 10 de marzo de 2015. Dito texto íntegro foi o seguinte:

******“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE APERTURA, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CONTROL**

Artigo 1. *Fundamento legal. Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4 h) e i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola actividade de expedición de licenzas urbanísticas de actividade, apertura e primeira utilización, que se rexirá pola presente Ordenanza.*

Artigo 2. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para o otorgamento das licenzas de actividade ou de avalización da incidencia ambiental, de primeira utilización e de apertura, coa finalidade de verificar se os actos de uso do solo se axusta á licenza de obra concedida.





Concello de Outeiro de Rei

Aos efectos de esta ordenanza fiscal, entenderase como licenza de apertura, ao acto administrativo municipal no que se declara que os actos de transformación ou uso do solo consumados se axustan á licenza de obra ou actividade concedida, calquera que sexa o procedemento seguido para o seu outorgamento.

Naqueles supostos nos que non sexa necesaria a obtención de licenza municipal previa e a actividade poida exercerse mediante a presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, o feito impoñible da taxa o constitúe a realización das actuacións administrativas de control.

Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace coa solicitude da licenza ou coa presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten a expedición da licenza de apertura ou primeira ocupación ou en cuxo nome se presente a declaración responsable ou comunicación previa. No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terá a condición de contribuínte a Xunta de propietarios.

-Serán substitutos do contribuínte os constructores ou contratistas das obras ou actividades.

-No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, serán a condición de responsables tributarios solidarios os propietarios dos elementos privativos do inmovible, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns.

Artigo 5.- Base impoñible.

Tomarase como base impoñible da taxa o custo real ou previsible da actividade de control ou de expedición da licenza solicitada.

Artigo 6.- Cuota tributaria.

6.1- A cota tributaria determinarase por aplicación dos seguintes módulos de superficie:

A. Edificacións e instalacións de ata 500 m²: 150 euros.





Concello de Outeiro de Rei

- B. *Edificacións e instalacións de ata 1000 m2: 200 euros.*
- C. *Edificacións e instalacións de ata 2000 m2: 250 euros.*
- D. *Edificacións e instalacións de máis de 2000 m2: 300 euros de cuota fixa, que se incrementará a razón de 100 euros por cada 1000m2 ou fracción a partires dos 2000m2.*
- E. *Explotacións agrarias extensivas: cuota fixa de 150 euros.*

6.2- Bonificacións.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a supresión de barreiras arquitectónicas para persoas con mobilidade reducida en un porcentaxe igual ou superior ao 50%, disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a rehabilitación de edificacións tradicionais ou catalogadas disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos e edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a adaptación das construcións ou instalacións preexistentes ao ambiente disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a modificación das condicións de prestación de actividades co obxeto de diminuir o seu impacto ambiental, disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

No suposto de que as actuacións bonificadas unicamente representen unha porcentaxe do orzamento do proxecto autorizado, a bonificación aplicarase sobor a contía resultante de aplicar sobor a cuota tributaria, a porcentaxe que representan as actuacións bonificadas sobor o proxecto autorizado.

Artigo 7.- Xestión tributaria.

O Concello de Outeiro de Rei xirará a oportuna liquidación tributaria de oficio, unha vez presentada a solicitude de licenza no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei.

Os interesados na obtención da licenza presentarán instancia no Rexistro Xeral do Concello, acompañada de certificación do técnico competente de ultimación de obra, e no seu caso da urbanización, así como xustificante de haber solicitado alta no imposto de bens inmobles de natureza urbana ou certificación de técnico competente comprensiva das condicións mínimas de habilitabilidade que deberán reunir as vivendas de acordo coa normativavixente.

A executividade das licenzas de primeira utilización e de apertura ou da presentación da





Concello de Outeiro de Rei

declaración responsable ou comunicación previa están condicionadas ao pago da correspondente cuota tributaria.

Disposición Final:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará en vigor ata que o Concello Pleno acorde a súa modificación ou derogación.

Posteriormente, mediante acordo Plenario de 28 de decembro de 2017 e con aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia nº93 de 24 de abril de 2018, publicouse a seguinte modificación, engadindo o seguinte artigo:

Artigo 2. bis.- Supostos de non suxeición.

Establécese a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten a licenza de obra ou licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que convele a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

Este suposto de non suxeición terá vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Tránscurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso se prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

Pois ben, ditos supostos de non suxeición non están vixentes na actualidade, polo que cómpre, por interese público, aprobar novamente ditos supostos.

En virtude dos motivos expostos, proponho ao Pleno adoptar o seguinte acordo:

1. Aprobar novamente os suspostos de non suxeición establecidos no artigo 2bis durante un periodo máximo de 4 exercizos naturais, entrando en vigor as mesmas ca publicación do arcondo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia. Tránscurrido éste tempo, decaerán na súa vicencia salvo acordo expreso de prórroga polo Pleno.

“Artigo 2. bis.- Supostos de non suxeición.

Establécese a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten a licenza de obra ou licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que convele a creación de novos postos de





Concello de Outeiro de Rei

traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

Este suposto de non suxeición terá vixencia de catro exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Tráncurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso se prórroga adoptado polo Pleno da Corporación”.

En Outeiro de Rei

O alcalde”

Non hai intervención.

Sométese a votación a proposta de alcaldía ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do pleno do día 19 de decembro de 2025 resultando aprobada por unanimidade.

Expediente 1076/2025. Peche e Liquidación do Orzamento	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria. 8 votos a favor (PP), 3 en contra (BNG) e 1 abstención (PSOE).

Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación en sesión de 22 de outubro de 2025 aproban a Conta xeral de 2024 coa seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2024 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 17 de novembro de 2025; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expúxose ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados puideron presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Así, publicado o anuncio no BOP de Lugo de 21 de novembro de 2025, non constan alegacións presentadas no período que vai dende a publicación ata o día 15 de decembro de 2025 incluídos.

Con base no anterior PROPOÑO ao Pleno deste Concello de Outeiro de Rei que aprobe a Conta Xeral do Concello de Outeiro de Rei do exercicio 2024”.

Non hai intervencións.

ROGOS E PREGUNTAS





Concello de Outeiro de Rei

Dase lectura en primeiro lugar ó rogo presentado polo PSOE, que se copia:

Na Estrada Mosteiro, á altura do campo da festa, calquera vehículo que transite por ela atoparase cun afundimento do terreo posiblemente producido pola baixada dun rego, e que actualmente se atopa so protexido por unha chapa de ferro, da cal habitualmente hai que afastarse por ser un perigo para a seguridade do vehículo que por ela pase, obrigando aos condutores e condutoras a ocupar o lado esquerdo da vía.

Ao mesmo tempo, ese desperfecto na estrada aumenta a perigosidade para os que por alí circulan por atoparse nunha curva con escasa ou máis ben nula visibilidade.

Estes problemas existen desde hai anos e non semella que se pense facer un arranxo dos mesmos, a pesar de adicarse en varias ocasións parte dos diferentes orzamentos a tapar as fochancas desta estrada.

Foron varias as queixas que chegaron a coñecemento do noso Grupo Municipal pedindo que se procure unha inmediata solución.

Por todo isto, e dado que esta estrada e o seu mantemento pertencen ao Concello de Outeiro de Rei, rogamos ao Goberno municipal:

1- Que urxentemente se dea solución a este problema e se deixe a Estrada Mosteiro en debidas condicións de uso.

2.-Que se coloque un espello de tráfico convexo para dar visibilidade nesa perigosa curva.

2º.- ROGO do BNG - referido á implantación dun sistema online para actividades municipais.

Dase lectura pola Secretaria:

Hai uns meses deu comezo o prazo de inscrición nas actividades extraescolares organizadas polo Concello de Outeiro de Rei. A pesar do tempo transcorrido, a veciñanza continúa a trasladarnos unha mesma e reiterada preocupación: a ausencia dun sistema de inscrición online para as actividades culturais, deportivas e educativas.

Durante aquel período de inscrición —e como ocorre cada ano— moitas familias víronse obrigadas a desprazarse presencialmente á Casa do Concello ou á Casa da Cultura, para poderen formalizar o trámite. Isto supuxo que moitas veciñas e veciños tiveran que pedir horas ou mesmo día libre no traballo, soportar colas longas e agardar durante tempo prolongado para realizar un procedemento administrativo que, a día de hoxe, podería resolverse en poucos minutos dende calquera dispositivo electrónico; como é rutineiro en case que calquera Administración Pública.





Concello de Outeiro de Rei

Foron moitas as imaxes e comentarios daquela mañá na que se formou unha longa fileira de pais e nais esperando para inscribir aos seus fillos e fillas. Esta situación, ademais de resultar incómoda e ineficiente, evidencia unha clara falta de modernización na xestión municipal. En pleno 2025, cando a maioría dos Concellos da contorna dispoñen xa de sistemas telemáticos para estes trámites, a obrigatoriedade de facelo presencialmente constitúe un atraso difícil de xustificar.

A administración local debe facilitar a vida da veciñanza, non complicala.

Resulta paradoxal que, mentres se presume da modernidade coa extensión da fibra óptica no municipio, non se habilita ningunha ferramenta básica que permitan facer uso desa tecnoloxía para se relacionar co Concello; o que non só facilitaría a vida da veciñanza, senón que faría accesíbeis determinados trámites municipais para persoas que non poidan desprazarse.

A implantación dun sistema de inscrición online permitiría mellorar a conciliación familiar e laboral, reduciría a carga de traballo das oficinas municipais, evitaría aglomeracións e garantiría unha tramitación máis áxil, transparente e accesible para toda a cidadanía

E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno o seguinte...

ROGO:

- Instar ao Concello de Outeiro de Rei a implementar un sistema de inscrición online para as actividades deportivas, culturais e extraescolares municipais, garantindo unha tramitación accesible, moderna e eficiente, acorde coas necesidades reais da veciñanza e co momento tecnolóxico no que vivimos.

O Sr. alcalde alega que é algo que se irá facendo pero que se ofertan mais de 1000 prazas e tampouco todos os veciños poden facer a inscrición online.

3º.- Rogo do BNG referido á atención pediátrica.

Dase lectura pola Secretaria:

A atención pediátrica nos Concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei fica, dende hai máis dun ano, en condicións inaceptábeis.

Sobrecarga asistencia e unhas condicións de prestación do servizo que non alcanzan un “mínimo de calidade asistencial”, segundo verbas da propia profesional de Pediatría que atende nos tres Concellos. Tanto é así que esta profesional ten indicado que, de non se restablecer unhas condicións aceptábeis, solicitará un traslado; ficando estes Concellos sen





Concello de Outeiro de Rei

profesional de referencia.

Un dos motivos fundamentais desta situación é a falta de políticas sanitarias efectivas por parte da Consellería de Sanidade. Non hai plan nin hai vontade de afrontar esta escaseza, diagnosticada hai xa anos. A Provincia de Lugo non escapa desta eiva, vivíndoa de feito con maior intensidade.

Non faltan profesionais, como teima en defender o Goberno do Partido Popular. Faltan profesionais que queiran traballar nas indignas condicións nas que o SERGAS as e os obriga a prestar o seu traballo. Parece o mesmo, pero non o é.

As e os profesionais SERGAS fuxen dunha Institución que vexa e maltrata ao seu persoal, vivíndose unha importante fuga ao sector privado ou mesmo á migración; especialmente severa con relación á Atención Primaria, verdadeira vertebradora de territorio e dunha Saúde Pública en forma.

As familias destes tres Concellos levan máis dun ano mobilizándose, presentando iniciativas nas Institucións e solicitando entrevistas coas persoas responsábeis da Área Sanitaria.

E por todo isto que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno o seguinte...:

ROGO:

- Que dende este pleno municipal se inste á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para garantir unha atención pediátrica axeitada no Concello de Outeiro de Rei, que respecte o mínimo de calidade asistencial oportuno e, ao tempo, considere a saúde laboral das persoas profesionais SERGAS.

- Que no pleno subseguinte ao presente se dispoña o oportuno para a comparecencia de Dona Begoña Seco Varela, Xefa Territorial da Consellería de Sanidade en Lugo, para responder ás preguntas das concelleiras e concelleiros con relación á Atención Primaria de Saúde neste Concello.

O Sr. Alcalde admite que non se presta a atención pediátrica desexada, ó igual que noutros moitos sitios e está intentando mellorar iso.

PREGUNTAS

1º.- PREGUNTA DO PSOE.

Dase lectura a unha pregunta do PSOE.

” Tendo en conta que no pasado Pleno ordinario de xuño de 2025 foi aprobada co apoio do





Concello de Outeiro de Rei

Grupo municipal do PP a moción presentada por este Grupo Municipal Socialista relativa á adhesión do Concello de Outeiro de Rei á Rede de Entidades Locais Gandeiro-Cárnica e non tendo noticias sobre os posibles movementos que se están a facer, a pesar de que, segundo palabras do Sr. Alcalde, este goberno municipal sempre está ao lado do gandeiro e do mundo rural, pregúntase ao Goberno municipal: ¿ En qué punto se atopan as xestións necesarias para facer efectiva dita adhesión?

¿Qué pasos se teñen dado ata o momento por parte do Goberno municipal?

Contesta o Sr. Alcalde que se farán todas as xestións necesarias.

2º.- PREGUNTA DO BNG.

Dase lectura pola Secretaría:

No pleno do pasado febreiro, instábamos ao Concello de Outeiro de Rei a render debida homenaxe, na forma de recoñecemento dunha rúa, aos irmáns Aurelio e Victorino Díaz Hortas, veciños que foran de Outeiro de Rei (Parroquia de San Salvador de Mosteiro), e que foran presos no campo de concentración de Marhausen durante o réxime nazi.

Na acta dese pleno recóllese que “Di o Sr. Alcalde que queda escoitado”, e durante a sesión sostívose que se buscaría a mellor forma de render homenaxe aos irmáns. Case 10 meses despois, ningún acto de homenaxe se ten realizado en tal sentido, non se ten dedicado unha rúa aos irmáns, e tampouco consta a este Grupo que fose colocada a Stolpersteine (pedra da memoria) que a Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica tiña previsto colocar no noso Concello.

E por todo isto que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes...:

PREGUNTAS:

- *Por qué non foi colocada a Stolpersteine (pedra da memoria) prevista?*
- *Por qué o Concello de Outeiro de Rei non rendeu ningunha homenaxe a estes veciños, vítimas do nazismo e referentes na loita pola liberdade e a democracia?*
- *Cando ten previsto este Concello render homenaxe a estes veciños?*

Contesta o Sr. alcalde que as actuacións faranse en consonancia coa Asociación.

3º.- PREGUNTA DO BNG referida á situación na que se atopa a busca de local para o futuro Centro de Información á Muller (CIM).

Dase lectura pola Secretaria:





Concello de Outeiro de Rei

No pleno do pasado decembro de 2023 e a iniciativa do noso Grupo, aprobouse por unanimidade a creación dun Centro de Información á muller (CIM) no concello de Outeiro de Rei. O noso Concello era, e segue a ser, un dos poucos de todo o país que nin ten CIM, nin ten acordo ou convenio con ningún CIM dun Concello estremeiro.

A resposta do Señor Alcalde foi que a posta en marcha se produciría “en un ou dous anos”. Neste mes cumprense pois os dous anos desa promesa, sen que Outeiro de Rei teña Centro de Información á Muller en marcha, nin fique minimamente preto de que sexa así.

Dende este Grupo preguntamos varias veces sobre a situación na que se atopaba esta proposta (sendo a última no mes de setembro deste mesmo ano), e a contestación sempre foi: “estase buscando local”.

E por todo iso e dado que en máis de dous anos non se ten fornecido á cidadanía de ningunha resposta ou explicación sobre este asunto dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes...:

PREGUNTAS:

- Realmente se fixo algunha busca de local para o CIM? Onde e como se fixo esa busca?*
- Fíxose algún tipo de busca de subvención, convenio, acordo ou axuda para a creación do CIM?*
- Sendo que xa se sobrepasaron os dous anos para ter o CIM en marcha, que prometera en Pleno o Señor Alcalde, que prazos concretos manexa o goberno municipal para termos, por fin, CIM en Outeiro de Rei?*
- Cal é o motivo para que o Concello de Outeiro de Rei, namentres non se dota dun CIM, non teña finalizado acordo ou convenio con ningún CIM de ningún Concello estremeiro para ter, aló menos, un servizo de xeito provisional?*

Contesta o Sr. Alcalde que están á espera dun local e dunhas actuacións da Xunta de Galicia.

4º.- PREGUNTA DO BNG referida aos cortes de auga.

Dase lectura pola Secretaria:

Nas últimas semanas —e, en realidade, de maneira recorrente nos últimos anos— veñen producíndose no noso Concello numerosos cortes no subministro de auga, así como baixadas bruscas de presión, interrupcións inesperadas e outras incidencias que afectan directamente á vida diaria da veciñanza, coma auga que sae case que permanentemente turbia en determinadas zonas do Concello.





Concello de Outeiro de Rei

En moitas destas ocasións, os cortes prodúcense sen previo aviso, por mor de sucesos inesperados, mais en tal número que non podemos senón sospeitar dun deficitario mantemento e control da rede.

Nestes cortes, de parte do Concello non se dá unha información clara sobre as causas e non se ofrece unha estimación do tempo necesario para a reposición do servizo. Esta falta de comunicación incrementa o malestar da poboación, dificulta a organización das familias e prexudica tamén actividades económicas, comerciais e hostaleiras, que dependen deste servizo esencial para o seu normal funcionamento.

Cómpre lembrar que o acceso á auga é un servizo básico, que debe ser garantido en condicións de calidade, continuidade e transparencia. Cando este cesa, sexa pola causa que for, imponse que o Concello teña protocolos claro de transparencia e comunicación pública; como este grupo ten demandado xa en ocasións anteriores.

Nun contexto no que practicamente toda a veciñanza emprega medios dixitais, sería non só razoable senón imprescindible que calquera corte programado, reparación, incidencia ou urxencia se faga pública a través dos medios municipais: páxina web, redes sociais, aplicacións municipais ou mesmo mediante avisos específicos para as zonas afectadas. Trátase de medios que non suporían ningún coste ao Concello, por xa existiren e empregarse acotío para outras finalidades seguramente de menor impacto na poboación.

Por todo isto, e dada a responsabilidade do Concello de garantir unha comunicación axeitada e un servizo digno á veciñanza, consideramos necesario que se dean explicacións precisas e que se establezan mecanismos de información pública claros e accesibles.

E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes...:

PREGUNTAS:

- Consta ao Concello algunha información, máis alá das incidencias puntuais, que explique a reiteración dos cortes de auga e fallos no subministro en diferentes puntos do municipio?

- Por qué non dispón o Concello dun protocolo de aviso á cidadanía para comunicar cortes programados, incidencias ou reparacións?

Ten previsto elaboralo?

- Existe algún control, seguimento ou estatística oficial do número de vivendas e familias afectadas en cada un destes cortes non anunciados?





Concello de Outeiro de Rei

- *Que medidas pensa adoptar o goberno municipal para garantir que a veciñanza conte cun sistema de información transparente, accesible e actualizado en relación aos cortes de subministro? (Publicación na web municipal, mensaxes en redes sociais, avisos por zonas, etc.).*

Contesta que cando os cortes son programados, xa se avisa con antelación e que, cando son averías, a preocupación é reparalos. En relación á tubería, hai un proxecto para melloralo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

